


2. A POLEA




As poleas son rodas cunha canle no seu perímetro, no cal se coloca unha correa.

Nunha das poleas está situada unha manivela onde se aplica a forza externa (tamén se pode poñer un motor), esta será a **polea motriz**.

A polea motriz unirase mediante unha **correa** á outra polea que recibirá o movemento, denominada **polea conducida** ou **de saída**.

Cando facemos xirar a polea motriz, a correa desprázase e fai que a polea conducida xire.

ESTE É UN MECANISMO QUE NOS PERMITE TRANSMITIR MOVEMENTO CIRCULAR ENTRE DOUS EIXES PARALELOS SEPARADOS ENTRE SI.



Tarefa 1.- TRANSMISIÓN UNITARIA

Monta este modelo, xira a manivela e observa; e describe como é a velocidade das poleas motriz e conducida.

Se xiramos a manivela no sentido horario, en que sentido xira a polea conducida?



Tarefa 2.- CAMBIO NO SENTIDO DE XIRO

Cruza a correa entre as dúas poleas e observa. Se xiramos a polea motriz en sentido horario, en que sentido xira a polea conducida?




Tarefa 3 .- MULTIPLICADOR DE VELOCIDADE.

Monta este modelo, observa que a polea conducida é de menor tamaño que a motriz. Xira a manivela e observa e describe como son as velocidades das poleas motriz e conducida.

**Tarefa 4 .- REDUTOR DE VELOCIDADE.**

Monta este modelo, observa que a polea motriz é de menor tamaño que a conducida. Xira a manivela e observa e describe como son as velocidades das poleas motriz e conducida.


**Tarefa 5.- TRANSMISIÓN DO MOVEMENTO ENTRE EIXES PERPENDICULARES.**

Monta este mecanismo, xira a manivela e explica como funciona.

**Tarefa 6.- TRANSMISIÓN COMPOSTA**

Monta este mecanismo, xira a manivela e observa. Como son os tamaños das poleas en cada eixe?

Como é o movemento nos eixes conducidos 1 e 2?

**Tarefa 7.- TRANSMISIÓN COMPOSTA**

Monta este mecanismo, observa e responde; Como son os tamaños das poleas en cada eixe?

Como son os movementos nos eixes conducidos 1 e 2?

**Tarefa 8.- TRANSMISIÓN DE MOVEMENTOS COMBINADOS.**

Monta este xogo (modelo D6 do libro) e vai cambiando a correa das poleas pequenas ás poleas grandes, primeiro nun lado e despois no outro. Observa o movemento de xiro dos bonecos e explica os diferentes casos.

Cambia as correas de posición e fai que a boneca xire máis rápido que o boneco e ademais en sentido contrario.